



Asunto: Adiamento eleccións Consellos
Escolares

Referencia: IMF/SXOIASE

Destinatario: Confederación ANPAS Galegas

Recibido escrito na Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional no que solicitan *“que á maior brevidade posible estableza un novo calendario para a celebración das eleccións dos membros dos consellos escolares docentes sostidos con fondos públicos; ou, no seu defecto estableza unha vía alternativa que garanta a plena representatividade de todos os sectores implicados neste órgano colexiado.”*, se lle informa que,

A *RESOLUCIÓN do 22 de outubro de 2020, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se adía a celebración de eleccións para a renovación dos membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos*, se basea na decisión das autoridades sanitarias de ditar medidas de prevención mediante a Orde do 12 de outubro de 2020 (DOG Núm. 212-Bis do 21 de outubro de 2020), medidas que ao día de hoxe aínda seguen vixentes para controlar a evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

Polo que a situación actual non recomenda que se realicen actos nos que se produzan aglomeracións con fin de preservar a saúde das persoas.

Con respecto á representatividade todos os sectores implicados, a propia Resolución do 22 de outubro de 2020 establece no seu punto cuarto que *“Para dar cobertura ás vacantes que se puidesen ter producido ata a celebración das eleccións para a renovación dos representantes dos distintos sectores da comunidade educativa no consello escolar seguirase o establecido no artigo 55 do Decreto 92/1988, do 28 de abril, polo que se regulan os órganos do goberno dos centros públicos de ensino non universitario.”*

En Santiago de Compostela na data da sinatura dixital

Iván Mira Fernández

Subdirector Xeral de Ordenación, Inspección e Avaliación do Sistema Educativo

